

MOCIÓN DE AER SOBRE A VISITA DO PAPA

PLENO 28 XULLO 2011. ACTA 15/2011

Segundo a moción presentada por AER que, transcrita, di:

“Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, con base no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Queremos dar voz aos colectivos asinantes, todos eles sen representación nesta Corporación Municipal.

O vindeiro día 18 de agosto do 2011 ten prevista a súa chegada a Madrid o Papa Benedicto XVI, para asistir a unha denominada “Xornada Mundial da Xuventude”(católica). Para esta visita mobilízanse oito Ministerios, o Estado central presupostou 25 millóns de €; empresas privadas teñen anunciado doazóns por valor de varias decenas de millóns de euros, coas conseguíntes desgravacións fiscais, por ser un evento declarado como acontecemento de “Excepcional interese”; e as institucións de Madrid, Goberno Rexional e Concello, teñen previsto gastar varias decenas máis de millóns en aloxamentos, seguridade, sanidade, publicidade, actividades lúdicas, limpeza, son e “parafernalia2 diversa. Hai cálculos que sitúan o gasto final en preto dos 100 millóns de euros, e unha parte moi importante sairá das arcas públicas, entre gastos directos e mais exencións fiscais.

Segundo todas as informacións, o Goberno e Institucións do Estado teñen previsto a organización de diversos actos protocolarios ao máis alto nivel, ante un acontecemento que é de carácter privado e exclusivamente dirixido a unha determinada organización relixiosa.

Como en anteriores e recentes ocasións, o máximo representante da Igrexa Católica, ademais de ser recibido con honores de Xefe de Estado, nesa estraña confusión na que adoita viaxar, entre suposta autoridade do Estado Vaticano e como representante máximo da devandita Igrexa, previsiblemente lanzará, unha vez máis, mensaxes excluínates contra dereitos democráticos aprobados polos máximos órganos de representación cidadá do Estado Español, feito que non se lle consente a ningún outro responsable político do Mundo, por considerarse unha grave inxerencia en asuntos internos e contrario a todos os usos da diplomacia máis elemental.

Ante este feito, manifestamos o noso total desacordo co recibimento programado para recibir ao Sr. Ratzinger, que vén exclusivamente en misión pastoral (do seu rabaño), e que non ten por que xerar ningún gasto de diñeiro público que non sexa o que xera calquera outra mobilización cidadá, ou sexa: seguridade e limpeza. Nesta época de crise, non parece razoable facer estes alardes de gasto que son innecesarios e só benefician unha parte da cidadanía.

De acordo co exposto anteriormente, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes **ACORDOS**:

1.- O Concello de Redondela esixe ao Goberno e recomenda ás institucións territoriais de Madrid que non deriven diñeiro público para o evento “Jornada Mundial de la Juventud”, nin para a visita de Benedicto XVI a Madrid, por consistir nun evento de carácter privado, salvo o derivado da seguridade e limpeza que require, de xeito habitual, calquera mobilización ou acontecemento cidadán.

2.- O concello de Redondela esixe ao Goberno e ás máximas institucións de España que o Papa non sexa recibido con protocolos e honores de Estado, xa que vén, exclusivamente, en misión pastoral privada.

3.- O concello de Redondela esixe ao Goberno e ás institucións do Estado implicadas que, no caso de que o Papa (coma en anteriores visitas) faga unha crítica cara ás formas de convivencia españolas, cara leis aprobadas democraticamente ou debates que se están a producir nos órganos legislativos competentes, as rexeite, elevando a correspondente queixa ante a Igrexa Católica, e mesmo, se se considera oportuno, tome outras medidas xurídicas.

4.- Nesta mesma liña, o Concello de Redondela insta á Fiscalía do Estado a que estea atenta a posibles declaracións públicas de Benedicto XVI que puideran se constitutivas de delito para a saúde e mais a orde pública.

VOTACIÓN E ACORDO.-

A Corporación, en votación ordinaria e por once votos a favor (dos 8 concelleiros do PSdeG PSOE, 2 do BNG e 1 de AER), e dez votos en contra (dos concelleiros do PP) adoptou os seguintes acordos:

1.- Recomendar ao Goberno e ás institucións territoriais de Madrid que non deriven diñeiro público para o evento “Jornada Mundial de la Juventud”, nin para a visita de Benedicto XVI a Madrid, por consistir nun evento de carácter privado, salvo o derivado da seguridade e limpeza que require, de xeito habitual, calquera mobilización ou acontecemento cidadán.

2.- O Concello de Redondela esixe ao Goberno e ás máximas institucións de España que o Papa non sexa recibido con protocolos e honores de Estado, xa que vén, exclusivamente, en misión pastoral privada.

3.- O Concello de Redondela esixe ao Goberno e ás institucións do Estado implicadas que, no caso de que o Papa (coma en anteriores visitas) faga unha crítica cara ás formas de convivencia españolas, cara a leis aprobadas democraticamente ou debates que se están a producir nos órganos legislativos competentes, as rexeite, elevando a correspondente queixa ante o Vaticano e mesmo, se se considera oportuno, tome outras medidas xurídicas.